

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA
TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO.**

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Reunidos

Por unha parte, a **Axencia Turismo de Galicia**, e no seu nome e representación D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra, o **Concello de Sanxenxo** e no seu nome e representación D. Telmo Martín González, na súa calidade de Alcalde Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, ~~teñen~~ conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a *"información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local"*. Dita competencia é exercida neste caso polo Concello de Sanxenxo.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo no Concello de Sanxenxo, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas mesmas e con beneficios conxuntos. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Todos estes obxectivos, responden ás liñas estratéxicas trazadas no Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en reunión do 23 de marzo de 2017.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúan a realización das seguintes actuacións:

1.- LIÑA 1: MELLORA DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

- Renovación de miradoiros de A Granxa e do alto da Carabuxeira: a actuación abranguerá a substitución dos murais de azulexos que se atopan nun alto grao de deterioro, por unha nova composición mural con foto panorámica descritiva da paisaxe.

Asemade, acondicionarase o entorno de ámbolos dous miradoiros (mellora do firme, limpeza do contorno, etc.)

Elaboración do "*Proxecto técnico de execución para a rehabilitación do Pazo de Quintáns*", na parroquia de Noalla (Sanxenxo).

2.- LIÑA 2: PROMOCIÓN TURÍSTICA

Concerto Q de Calidade en data 28 de xullo na Praza do Mar de Sanxenxo, contando coa presenza dos seguintes artistas: BERTÍN OSBORNE e a BIG BAND. O evento musical será de carácter gratuíto e axudará a promocionar a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo; terá aproximadamente unha duración de dúas horas e se realizará no marco incomparable da Praza do Mar de Sanxenxo, entre o Porto Deportivo Juan Carlos I e a Praia de Silgar.

- Elaboración de folletos promocionais do destino turístico Sanxenxo en varios idiomas e merchandising para entregar tanto en oficinas de turismo como en eventos promocionais do destino e ferias turísticas nacionais e internacionais.
- Elaboración vídeo turístico do destino Sanxenxo en 5 idiomas. A intención é dispoñer de material gráfico de calidade para promocionar tanto o Concello de Sanxenxo como Turismo de Galicia en tódolos eventos e ferias de turismo nas que o destino participa en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia.
- Renovación de web turística do destino Sanxenxo, contratando a elaboración dunha web moderna, en distintos idiomas e que permita promocionar o destino Sanxenxo e a propia Galicia aló das nosas fronteiras.

- Elaboración dunha campaña de promoción turística de Sanxenxo (gastronomía, eventos musicais, compras, descanso, Nadal e ocio), que permita contribuír a lograr a desestacionalización do destino Sanxenxo máis aló da tempada de verán. A actuación abranguerá a inserción publicitaria en medios, eventos musicais e a creación de produtos turísticos en colaboración cós empresarios turísticos e comerciantes, ofertando concursos e premios para os usuarios turísticos. Levarase a cabo nos meses de setembro a decembro do ano 2017.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións obxecto deste convenio ascende a euros (150.000,00€), dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 (150.000,00€), con cargo á aplicación 04.A2.761A.760.3, proxecto 2015 00006, na que existe crédito adecuado e suficiente, e que se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan no Anexo I.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do Concello de Sanxenxo unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida no Anexo I e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2017. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se

están directamente relacionados coa ~~actividade subvencionada~~ e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da ~~mesma~~.

Cuarta.- Compromiso das partes

1.- O Concello de Sanxenxo, como ~~entidade beneficiaria~~ da subvención, asume as seguintes obrigas:

- Diseñar, coordinar e executar as ~~accións obxecto do presente convenio~~ e ~~poñer~~ todos os medios técnicos e humanos necesarios ~~para o desenvolvemento do mesmo~~ e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta ~~en marcha~~ das actividades.

- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que ~~xeren~~ as actividades deste convenio e inserir a Marca Turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de ~~Contas~~ no exercicio das súas ~~funcións~~ de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, ~~con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos~~.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, ~~declaración responsable de atoparse ao corrente~~ no cumprimento das obrigas tributarias e ~~fronte á~~ Seguridade Social e de non ter ~~pendente~~ de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de ~~remisión ao Consello de Contas~~ das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se ~~regulan especialidades~~ nas subvencións ás entidades locais galegas.

- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos. Necesariamente os investimentos estarán dedicados a actividades e centros de traballo en Galicia.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2.- A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención por importe máximo de 150.000,00 €. Esta subvención financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2 761A.760.3 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello de Sanxenxo para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello de Sanxenxo, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiránles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas ~~nalgunha das prohibicións~~ do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos ~~que os pagamentos se definan como~~ unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a ~~contratación~~ se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se ~~obteña~~ a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as ~~persoas ou profesionais dependentes~~ das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, ~~por~~ este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ~~algunha directa nin subsidiaria~~.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

1. O Concello de Sanxenxo, segundo ~~se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011~~, do 6 de outubro, estará obrigado a xustificar ~~ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da~~ toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas ~~realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011~~, do 6 de outubro, para o que o concello ~~deberá~~ presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde-presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Turística de Galicia".

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

4. A Axencia Turismo de Galicia reservase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

5. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 1 de decembro de 2017.

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, a contía da subvención minorarase en proporción á porcentaxe que represente o importe xustificado con respecto ao citado orzamento.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo I, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4 c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o concello de Sanxenxo está exonerado de constituír **garantía relativa** aos anticipos previstos nesta cláusula.

Novena.- Reintegro de la subvención.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e **concordantes** do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o concello de Sanxenxo deberá **reintegrar o exceso** xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.



Décima.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio e da súa **execución** así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes do Concello de Sanxenxo.

Presidencia: A Directora de Turismo de Galicia ou persoa en quen delegue.

Secretario: O Alcalde de Sanxenxo ou persoa en quen delegue.

A súa actuación axustarase ao **establecido nos preceptos** básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración **xeral e do sector público autonómico** de Galicia.

Os acordos da Comisión adoptaranse **por unanimidade** e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

Corresponderán á comisión de **seguimento** as seguintes funcións:

- Elaborar e aprobar as accións que se **detallan** no anexo ao presente convenio.
- A interpretación do presente **convenio**, **resolvendo** todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.

- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas.

Décima primeira .- Modificacións do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décima segunda.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.

Décima terceira.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décima cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no ~~artigos 18 e 20.8~~ da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como ~~sistema nacional~~ de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décima quinta.- Consentimiento para a publicidade de datos persoais.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décima sexta.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.


En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

POLA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

POLO CONCELLO DE SANXENXO

A DIRECTORA DE TURISMO DE GALICIA

O ALCALDE



Mª Nava Castro Domínguez



Telmo Martín González



ANEXO I

ACCIÓNS	ORZAMENTO
LIÑA 1: MELLORA DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS	
- Renovación de miradoiros de A Granxa e do alto da Carabuxeira: a actuación abranguerá a substitución dos murais de azulexos que se atopan nun alto grao de deterioro, por unha nova composición mural con foto panorámica descriptiva da paisaxe. Así como acondicionamento xeral externo do contorno.	13.491,79 €
- Elaboración do "Proxecto técnico de execución para a rehabilitación do Pazo de Quintáns", na parroquia de Noalla (Sanxenxo).	21.780,00 €
LIÑA 2: PROMOCIÓN TURÍSTICA	
- Concerto en data 28 de xullo na Praza do Mar de Sanxenxo, contando coa presenza dos seguintes artistas: BERTÍN OSBORNE E A BIG BAND.	50.000,00 €
- Elaboración de folletos promocionais do destino turístico e merchandising de cara a asistencia a ferias turísticas.	15.000,00 €
- Elaboración video turístico do destino Sanxenxo en 5 idiomas.	21.728,21 €
- Renovación de web turística do destino.	12.000,00 €
- Campaña promoción turística desestacionalización de Sanxenxo (gastronomía, eventos musicais, compras, descanso, Nadal e ocio).	16.000,00 €
TOTAL CONVENIO	150.000,00 €